

PINTAN AS VERBAS DE PAZ

Bailan as nenas douradas.
Pintan as verbas de PAZ.
Soñan e cantan e xogan
Quere que cale o Nadal.



Queren tocas as estrelas.
Pintan as verbas de PAZ.
Queren que non molle a chuvia.
E que non minta o Nadal.

Sonche todas ben distintas.
Pintan as verbas de PAZ.
Cartas escritas no vento
para que as lea o Nadal.

Soben e baixan das nubes.
Pintas as verbas de Paz.
Rouban folerpas no ceo.
Brincan collidas da man.

Saben que a dor mancha a Terra.
Pintan as verbas de PAZ.
Borran disparos e berros.
Queren que fale o Nadal.

